



Galicia

Comisión Executiva

Adherida á CSI e á CES

Comunicado de Prensa

UGT confía en que o Acordo de Negociación Colectiva asinado esta semana contribuirá á preservación e recuperación do emprego, así como, ao mantemento do poder adquisitivo dos traballadores

Os prezos seguen baixando, o que evidencia un contexto de diminución da demanda das familias no que hai que pedir máis políticas públicas, emprego e a garantía do poder de compra

Santiago, 12 de febreiro de 2010. Os datos do IPC feitos públicos hoxe polo INE evidencian que os prezos seguen baixando, con taxas mensuais e subxacentes negativas, o que indica que a demanda das familias continúa diminuíndo, polo que hai que seguir demandando máis políticas públicas, emprego estable e de calidade, así como, a garantía do poder de compra dos traballadores a través da negociación colectiva. Neste último senso, UGT-Galicia confía en que o Acordo de Negociación Colectiva asinado esta semana contribuirá á preservación e recuperación do emprego e ao mantemento do poder adquisitivo dos traballadores .

Os datos facilitados polo INE apuntan a unha taxa de variación interanual do 1 por cento a nivel do Estado e do 1,2 por cento en Galicia.

En canto á taxa de variación mensual, está foi do -1 por cento no Estado e un pouco máis baixa aínda en Galicia, do -1,4 por cento. En ambos casos está influída polo vestido e calzado; ocio e cultura; e menaxe. Con repercusión positiva, está o sector transporte, debido ao incremento dos prezos dos carburantes e lubricantes, xunto co aumento dos prezos dos servizos do transporte. Tamén rexístrase incremento na vivenda, debido ao aumento dos prezos da electricidade, gasóleo para calefacción e o gas.

Por provincias, as catro rexistran taxas interanuais positivas. A Coruña, do 1,2 por cento; Lugo, do 1,1 por cento; Ourense, do 1,1 por cento; e Pontevedra, do 1,1 por cento. Pola contra, as taxas mensuais foron negativas en todas, do -1,3 por cento en A Coruña; do -1,7 por cento en Lugo; do -0,7 por cento en Ourense; e do -1,6 por cento en Pontevedra.

As taxas subxacentes foron do 0,1 por cento no Estado pero o que é realmente preocupante é que en Galicia segue a ser negativa, do -0,1 por cento. Isto reflicte un contexto de baixa demanda e baixo consumo das familias. Polo que, dado que o consumo privado é moi baixo,

debe ser o gasto público o que debe manter a demanda. De feito, UGT-Galicia reitera esta demanda, como xa ten feito noutras ocasións, ao Goberno galego.

UGT-Galicia considera que neste contexto, no que urxe reactivar a demanda, os traballadores tamén contan dende este martes cunha boa ferramenta para a protección dos salarios, o Acordo para o emprego e a Negociación Colectiva para 2010, 2011 e 2012 que, ademais, acada un bo equilibrio tamén entre os contidos salariais e de emprego.

De feito, entre os obxectivos prioritarios figuran o mantemento e recuperación do emprego, incidindo na súa estabilidade; a mellora dos dereitos de representación e información dos traballadores; o valor que se lle dá á formación; facilitar a intervención da representación legal dos traballadores nos procesos de reestruturación; os retos medioambientais; e o compromiso de reforzar o diálogo social sectorial.

En materia salarial, prevese unha suba para o 2010 de ata o 1 por cento; para o 2011, entre o 1 e o 2 por cento; e para o ano 2012, entre o 1,5 e o 2,5 por cento, respectando a autonomía dos negociadores, o que posibilita a súa adaptación ante as singularidades dos sectores produtivos e empresas. Ademais, a cláusula de revisión salarial permitirá protexer o poder adquisitivo dos traballadores.

NOTA: O VOCEIRO DESTE TEMA É O SECRETARIO DE FORMACIÓN E EMPREGO DE UGT-GALICIA, JOSÉ DOMINGO BARROS. TELÉFONO: 679451570.

DATOS BÁSICOS GALICIA

Indicador	Dato
IPC Xeral: Taxa mensual	-1,4%
IPC Xeral: Taxa acumulada	-1,4%
IPC Xeral: Taxa anual	1,2%
Taxa subxacente: IPSEBENE (sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos)	-0,1%
SERVIZOS (con aluguer de vivenda)	1,4%
SERVIZOS (sen aluguer de vivenda)	1,4%

Fonte: INE.



Galicia

Comisión Executiva

Comunicado de Prensa

Evolución Taxa de variación interanual IPC

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro /10
Galicia	0,5	0,3	-0,5	-0,6	-1,3	-1,0	-1,8	-1,1	-1,0	-0,7	0,3	0,9	1,2
Estado	0,8	0,7	-0,1	-0,2	-0,9	-1,4	-1,4	-0,8	-1,5	-0,8	0,3	0,8	1,0

Fonte: INE.